

Programación fomento do Galego e festa das Letras Galegas 2022



Luns 9 pola mañá, espectáculo "Derriba da lúa", de Rilo e Penadique, para toda a escola.

"Derriba da lúa" é un espectáculo da compañía Rilo e Penadique, formada pola narradora oral Vero Rilo e a música de acordeóns Sonsoles Penadique. Este espectáculo conxuga a narración oral con contos e a música en directo de acordeón. A Lúa, o Sol, a Terra, un carballo, o niño dun paxaro... Cantar, contar, aprender e xogar para medrar libres.



Martes 10, visita do grupo Cacho Cole á Biblioteca González Garcés.



Mércores 11 ás 17,30h na escola para todas as familias, presentación do conto "Balbina" da ilustradora e mestra Sara Iglesias.



Venres 13 pola mañá espectáculo "Cantacontos para bebés", de Pablo Díaz, para toda a escola

O premiado músico coruñés dirixe os seus espectáculos ao público infantil e concretamente esta actividade adáptaa para as crianzas máis pequenas. Unha viaxe a través dos contos que ten a música como fío condutor.

Dentro duns días presentaremos a canción adicada a Florencio Delgado Gurriarán, homenaxeado este ano polo día das Letras Galegas (17 de maio).

Ao longo destes últimos anos, a escola escolle un texto da obra dos autores e autoras homenaxeados. Dende Herba pequerrechiña ata hoxe, cada ano imos incorporando ao cancionero da escola unha obra que pasa a formar parte da nosa historia musical. A voz e música de Félix Arias fai posible e máis grande esta proposta iniciada en maio do 2016.

